

**CONTIDOS**

<u>A Oropesa del Mar</u>	cos maiores de Samos desde o día 23 de abril
<u>A Roma</u>	á canonización de Xoán Paulo II e Xoán XXIII
<u>Ao Tirol</u>	coa parroquia da Milagrosa o 26 de abril
<u>A Barcelona</u>	coa parroquia de Santiago A Nova o 30 de abril
<u>A Fátima</u>	coa parroquia San Antonio de Padua o 14 de maio
<u>A Lourdes</u>	coa Hospitalidade Diocesana de Lourdes o 30 de xuño
<u>A Irlanda</u>	coa pastoral da saúde o 8 de xullo
<u>A Terra Santa</u>	co Movemento Bíblico o 18 de xullo

A Oropesa del Mar cos maiores de Samos o 23 de abril

Van 25 anos organizando estas vacacións-convivencia feitas nun clima de amizade, humor e alegría. Nelas compártese o mellor de cada un. A boa convivencia fai medrar as gañas de vivir e de sentirse ledos. A organización da viaxe enfócase aos maiores, pero tamén poden participar outras persoas adultas que o desexen.


Itinerario: Saída de Samos o día 23 de abril. Xantar e pernocta en Aranjuez (Madrid). A residencia ata o día 29 será en Oropesa del Mar, unha vila típicamente mediterránea da costa do Azahar. Desde aquí vístanse os seguintes lugares de Castellón:

- Peñíscola - Morella - Benicasim - a cidade de Castellón

Na viaxe de regreso faise unha longa parada en Cuenca, cidade declarada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade. E o día 30 regrésase a casa.

**Canonización
de Xoán Paulo II
e Xoán XXIII**

Mozos de Lugo xunto con outros de Tui-Vigo van do 23 ao 26 de



abril á canonización de Xoán Paulo II e Xoán XXIII. Poden participar todos cantos o desexen, tendo en conta que toda peregrinación ten o seu carácter penitencial, durmindo seguramente na rúa para ter sitio durante a Santa Misa de canonización. Tamén se verá o máis posible de Roma.

Pola súa parte, a cadea Cope fai dúas propostas.

Na primeira opción, de 4 días (25-28 de abril), ademais de asistir ás canonizacións poderase visitar Roma, por un prezo estimado inferior aos 1.000 euros.

Na segunda opción, de 8 días (26 de abril – 3 de maio), ademais da visita a Roma, poderá coñecerse Asís, Padua, Florencia, Verona, Pisa e Venecia.

Os interesados poderán obter máis información na oficina de Viaxes Barceló.



MILÁN, SUS LAGOS Y TIROL AUSTRIACO

Organiza viaje:

**PARROQUIA
LA MILAGROSA**

**Del 26 de abril
al 2 de mayo**



O itinerario por Italia e Austria é o seguinte:

- Días 26 e 27 de abril: Milán
- Día 28: Lago di Garda, Trento, Tirol austríaco
- Día 29: Salzburgo

Día 30: Bergisel, Innsbruck
Día 1 de maio: Verona, Milán
Día 2: regreso

A Barcelona coa parroquia de Santiago A Nova

Sáese o día 30 de abril e a volta será o 4 de maio.

En Barcelona coñecerase a obra de Gaudí, por ex. a Sagrada Familia. Tamén se verá o barrio gótico, a Vila olímpica, a abadía de Montserrat e un día haberá un traslado a Torreciudad (Huesca). Volverase a Barcelona para ir ao Parc Güell, A Pedrera, as cavas de Sant Sadumi D'anoia. No camiño de volta a Lugo, párase en Zaragoza para ir á basílica do Pilar e ver o centro da cidade.

A viaxe está pensada tamén como unha peregrinación sobre a familia. En principio a peregrinación está pensada para a propia parroquia da Nova pero calquera persoa que queira acudir será benvinda, só ten que dirixirse á parroquia.

O prezo é de 350 euros, 413 en habitación individual.

A Fátima coa parroquia San Antonio de Padua (Lugo)

Os días 14-17 de maio visítase o Santuario da Virxe de Fátima e a casa onde naceu o patrón da parroquia, San Antonio. Ademais, aprovéitase a viaxe para enriquecerse co patrimonio artístico, cultural e gastronómico do país irmán. O prezo da viaxe (pensión completa, desprazamentos en autobús e entradas) é de 272 euros. Para máis información, consultar na parroquia.

28ª Peregrinación diocesana de Lugo a Lourdes

Do luns 30 de xuño ao venres 4 de xullo de 2014. O lema do ano 2014 é: Lourdes: a alegría da conversión

PROGRAMA

Saen autobuses desde Lugo, Silleda-Lalín, Chantada, Escairón, Monforte, Pobo de Brollón, Sarria, Rábade, Viveiro, Terra Chaira, Meira, Fonsagrada e Monterroso,

Actos en Lourdes Misa de presentación; Vía Crucis no Monte; Eucaristía Internacional, na Gruta e de Despedida; Procesións; Excursións ás famosas Covas de Lourdes, aos Pireneos; Convivencia-Festa.


Para informarse acudir ao responsable de Zona da Hospitalidade de Lourdes ou chamar a:

- 982 22 41 33 (Carmela de 18 a 23 horas). 982 21 55 58 (Venancio Carmona).
- 982 22 14 17 (José Lebón).

No Bispado de Lugo de 11,00 a 12,00 horas, os luns, mércores e venres.

[Na web](#)

VIAJE PASTORAL 2014



IRLANDA

del 8 al 15 de Julio



ITINERARIO

DIA 8 : LUGO-SANTIAGO-DUBLIN

DIA 9 : DUBLIN

DIA 10 : DUBLIN-GALWAY

DIA 11 : GALWAY VISITA A CONNEMARA

DIA 12 : GALWAY, THE BURREN, ACANTILADOS DE MOHER, CONDADO DE KERRY

DIA 13 : CONDADO DE KERRY, RING OF KERRY

DIA 14 : KERRY, KILLKENNY, DUBLIN

DIA 15 : DUBLIN-SANTIAGO-LUGO

✓ **PRECIO VIAJE POR PERSONA.....1240 €**

(PENSIÓN COMPLETA+VISITAS)

✓ PLAZAS LIMITAS (50 PAX)

✓ RESERVA TU PLAZA POR.....400€ (ANTICIPO)

✓ ORGANIZACIÓN Y PROGRAMA

C/AGUIRRE, 17,BAJO, LUGO

✓ TELÉFONO AGENCIA: 982253976 (Julio)

626555429 (Edelmiro)

617093949 (Antonio Lage)

Viaxe a Terra Santa

Entre o 18 e o 28 de xullo os grupos bíblicos de Santiago e Lugo organizan unha viaxe a Terra Santa, pernóctando en Tel Aviv, Tiberías, Petra, Amman, Mar Morto e Xerusalén. Haberá guía en español durante todo o percorrido, que se fai en autocar de luxo. A ruta Galicia – Madrid – Tel Aviv e no sentido contrario faise en avión.

Información:

isabelbetg@hotmail.com

Teléf. 619 577 017

ISRAEL AL COMPLETO

11 Días / 10 Noches

Del 18 al 28 de julio de 2014



Lugo, 2 de abril de 2014